

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 25 de outubro de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 25/10/2017.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 25/10/2017.
- III. Horarios do Grao en ERME 2017/2018.
- IV. Procedementos do sistema de garantía de calidade
 - PE-01 P1 Xestión do PAS
 - PE-02 P1 Xestión do PDI
 - DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza
 - Anexo 1 do Manual de Calidade.
 - R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución da Xunta de Escola para o curso 2017/2018.

Como cada inicio de curso académico, procédese á constitución da nova Xunta de Escola.

Sector PDI con vinculación permanente. A dirección dá a benvida aos novos profesores que se incorporan:

- Ángeles Domínguez Santiago
- Edelmiro Miguez García

E agradece a súa participación aos membros que cesan:

- José María Correa Otero
- Antonio Correa Otero
- José Bienvenido Díaz Ferrer
- Enrique Granada Álvarez

Por outra banda, durante o mes de setembro celebráronse as eleccións de representantes a Xunta de Escola correspondentes aos seguintes sectores:

Sector PDI sen vinculación permanente. Presentáronse cinco candidaturas ás cinco prazas, polo que non procedeu realizar votación:

- Patricia Liñares Méndez
- Javier Arzúa Touriño
- Raúl Figueroa Martínez
- Eduardo Giráldez Pérez
- Ignacio Pérez Rey

Sector alumnado. Presentáronse catorce candidaturas para dezaseis prazas, polo que non procedeu realizar votación:

- Nuria Antonio Fontán
- Santiago Domínguez Blanco
- Alejandro Fernández Martínez
- Jonatan Govea Lemes
- Mariola Juncal Rosales
- Miguel Muíño Argüelles
- Yelco Rodríguez Méndez
- Alejandro Casal Barreiro
- Óscar Elías Liñares
- Carmen Filgueira Sánchez
- Andrés Iglesias Canabal
- Miguel Millara Crispín
- Juan Jesús Rico Fuentes
- Martín Rodríguez Neira

Sector PAS. Presentáronse cinco candidaturas para seis prazas, polo que non procedeu realizar votación:

- Jesús García Caurel
- M^a Mayte Marcote Pereira
- M^a José Martínez Martín
- José Luis Ríos Beis
- M^a del Carmen Romo Pérez

Tras o exposto anteriormente, queda constituída a nova Xunta de Escola para o curso 2017-2018.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 20 de xullo de 2017.

Enviouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 20 de xullo de 2017.

3. Informe da Directora

A Directora informa:

- Actualizouse na web toda a información relativa ao apartado de docencia para o curso 2017-2018. Pódese consultar no seguinte enlace: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/docencia>
- Aceptáronse todas as alegacións presentadas aos informes de seguimento provisionais (avaliación interna) dos graos e do Mestrado de Xeoinformática.

Nos informes de seguimento definitivos dos graos a cualificación cambiou dun conforme C a un **conforme B**. No Mestrado de Xeoinformática a cualificación cambiou dun non conforme a un **conforme C**. Queda pendente o informe de avaliación externa da ACSUG para o Mestrado en Enxeñaría de Minas. Pódense consultar os informes definitivos en <http://minasyenergia.uvigo.es/es/calidad/seguimiento-de-titulos>

- O Acto de Benvida das titulacións de grao tivo lugar o 4 de setembro e o do Mestrado de Enxeñaría de Minas o 18 de setembro. En ambos actos entregóuselles aos alumnos un casco e un chaleco.
- O 15 de setembro, e con motivo da conmemoración dos 25 anos dos estudos de Enxeñaría de Minas na Universidade de Vigo, celebrouse unha cea onde se reuniron 115 egresados e 18 profesores.

En <https://www.facebook.com/escuelaminasyenergiavigo/> está dispoñible un vídeo do evento.

- Recibiuse do Vicerreitorado de Estudantes unha *"Instrución para a avaliación por compensación de estudantes de grao"* no período Fin de Carreira 2017-2018. Nesta instrución indícase que

1. *Permanece en vigor a "Instrución para a avaliación por compensación de estudantes de grao" para o período de avaliación de fin de carreira 2017/18.*
 2. *O estudiantado poderá solicitar a avaliación por compensación dende que conste a nota definitiva non seu expediente ata 15 días hábiles despois da data de peche oficial de actas (polo tanto, ata o 11 de decembro de 2017).*
- Do 22 ao 24 de setembro de 2017 celebrouse o “Mineral Day”. Trátase dunha iniciativa do sector mineiro europeo que se celebra cada dous anos para dar á sociedade a oportunidade de explorar o mundo dos minerais. A Escola ofertou un taller de recoñecemento de minerais o venres 22 e sábado 23 de setembro. Acudiron un total de 15 persoas.
 - Na Comisión Permanente do 25 de setembro aprobáronse as Saídas de Campo do 1º cuatrimestre. Hai 11 saídas programadas. Como novidade o centro oferta unha saída de campo aos alumnos de 1º e 2º curso dos graos.
 - O día 29 de setembro realizouse o “Curso de Orientación Académica & Enerxías Renovables” na aula de Grao da Escola. Este curso foi organizado por Acluxega.
 - Organizouse a I Edición do concurso de fotografía ENFOCA.RME dedicado aos Recursos Mineiros e Enerxéticos. A información atópase en <http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/difusion/concurso-fotografico>. As datas importantes de este concurso son:
 1. Data de recepción: 15/11/2017
 2. Data fallo do xurado: 27/11/2017
 3. Entrega de premios: 01/12/2017
 - Co fin de mellorar a percepción que se ofrece no ensino escolar en España sobre a actividade mineira, o Consello Superior de Colexios de Enxeñeiros de Minas decidiu realizar un estudo sobre as referencias á mesma que se ofrecen nos distintos libros.
 - Están previstas as datas das convocatorias das probas HELA. Dado que a emE puxo en marcha o plan de internacionalización, pódese presentar calquera docente do centro. Para participar na 1ª convocatoria (7 e 8 de novembro de 2017) débese enviar un correo ao negociado antes do 25 de outubro ás 14:00.
 - Unha vez finalizados os prazos de matrícula, os datos de matriculados de novo ingreso son:
 - Grao IE: 42 alumnos
 - Grao IRME: 14 alumnos
 - Mestrado EM: 16 alumnos
 - Mestrado XI: 7 alumnos

4. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

Como cada inicio de curso académico, corresponde constituír a nova Comisión de Calidade do centro. Compre a renovación do representante do alumnado para o presente curso. Recibiuse a candidatura do alumno D. Miguel Millara Crispín, polo que a nova comisión de GIC é a seguinte:

| | | |
|--|------------------------|----------------------------------|
| Presidenta da comisión: | Director/a del centro | Natalia Caparrini Marín |
| Secretaria da comisión: | Coordinador/a Calidade | Angeles Saavedra González |
| Coordinador/a Graos | Grado EE | David Patiño Vilas |
| | Grado ERME | María Araújo Fernández |
| Coordinador/a Mestrados | Mestrado EM | Elena Alonso Prieto |
| | Mestrado XI | Higinio González Jorge |
| Enlace de Igualdade: | | Teresa Rivas Brea |
| Representante do PDI: | | Elena González Rodríguez |
| Representante do Alumnado | | Miguel Millara Crispín |
| Representante dos Egresados: | | Luisa Álvarez Zaragoza |
| Representante da Sociedade: | | Diego López González |
| Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue: | | M ^a Carmen Romo Pérez |
| Representante da UTC: | | Raquel Gandón Chapela |

Tras o exposto anteriormente, queda nomeada a nova Comisión de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

5. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Compensación dos Graos para o curso académico 2017/2018.

A Xunta de Escola, na súa reunión celebrada o 20 de xullo de 2017, aprobou as Comisións de Compensación para os graos que actuarían no que restaba do curso 2016/2017 así como no curso académico 2017/2018, salvo no caso dos representantes do alumnado, que serían renovados na primeira Xunta de Escola do curso 2017/2018.

Propónse que se sortee entre los alumnos pertencentes á Xunta de Escola, sendo o resultado do devandito sorteo:

- Yelco Rodríguez Méndez, alumno do Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Carmen Filgueiras Sánchez, alumna do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento da nova Comisión de Compensación dos Graos para o curso académico 2017/2018.

6. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da EE de Minas e Enerxía.

Achegouse por correo electrónico o modelo de candidatura para a renovación da Comisión Permanente xunto coa convocatoria da Xunta de Escola. O prazo para a presentación de candidaturas rematou o martes, 24 de outubro, ás 14:00 horas.

Presentáronse o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir, agás no caso dos suplentes dos alumnos onde o número de candidaturas é inferior ao número de postos. Por esta razón non procede a votación de candidatos.

A nova Comisión Permanente queda constituída da seguinte forma:

Sector PDI 1º Graos

| Titular | Suplente |
|-------------------------|--------------------------|
| Alfonso Mandado Vázquez | Elena González Rodríguez |

Sector PDI 2º Graos

| Titular | Suplente |
|---------------------------------------|------------------------|
| M ^a del Carmen Pérez Pérez | Raúl Figueroa Martínez |

Sector PDI 3º - 4º Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

| Titular | Suplente |
|--------------------------|-----------------------|
| Fernando García Bastante | Leandro Alejano Monge |

Sector PDI 3º- 4º Grao Enxeñaría da Enerxía

| Titular | Suplente |
|-------------------|-----------------------|
| Pablo Eguía Oller | Javier Taboada Castro |

Sector PDI Mestrado en Enxeñaría de Minas

| Titular | Suplente |
|---------------------|-------------------|
| Elena Alonso Prieto | Teresa Rivas Brea |

Sector PDI Mestrado en Xeoinformática

| Titular | Suplente |
|---------------------|-------------------------|
| Pedro Arias Sánchez | Patricia Liñares Méndez |

Sector alumnos:

| Titulares | Suplentes |
|-------------------------|--|
| Andrés Iglesias Canabal | Carmen Filgueira Sánchez Yelco Rodríguez Méndez |
| Mariola Juncal Rosales | |
| Miguel Muiño Argüelles | |
| Nuria Antonio Fontán | |

Sector PAS

| Titular | Suplente |
|-----------------------------|--------------------------------------|
| María Mayte Marcote Pereira | M ^a del Carmen Romo Pérez |

7. Nomeamento, se procede, do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao para os graos impartidos nesta Escola.

Como todos os cursos, corresponde nomear un tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao. Tanto no grao de ERME como no de EE hai alumnos candidatos que cumpren os requisitos para presentarse.

A directora propón o seguinte tribunal composto por membros da dirección:

- Presidenta: Natalia Caparrini Marín
- Secretaria: Ángeles Saavedra González
- Vogal: María Araújo Fernández.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao para os graos impartidos nesta Escola.

8. Aprobación, se procede, da asignación de espazos da EE de Minas e Enerxía.

A dirección da EE de Minas e Enerxía detectou a necesidade de espazos no Centro para o desenvolvemento dos títulos de Grao e Master adscritos a esta Escola.

Por un lado, necesidades de despachos para o profesorado que imparte docencia nos títulos adscritos a esta Escola e que, ben por non ter vinculación permanente coa Universidade ou ben por ter despacho noutro centro ou campus, non dispón dun espazo onde atender ao alumnado e cumprir coas súas obrigas docentes: realización de titorías, revisión de exames...

Doutra banda, a Escola ten a necesidade de dispor de espazos para outro tipo de actividades como son un aula para metodoloxías docentes, tipo traballos en grupo, ABP, seminarios, talleres... A isto súmase o feito de que a Escola está preparando unha serie de actividades de contido científico e técnico para ofertar unha Aula Aberta á TecnoCiencia.

Dado que, de entrada, non existen espazos dispoñibles na Escola, levouse a cabo un estudo de la ocupación actual dos espazos deste centro. En canto a despachos, detectáronse catro que están baleiros desde fai un mínimo de dous anos. En canto a laboratorios, tanto a Área de Prospección e Investigación Mineira, como a Área de Tecnoloxía Medioambiental dispoñen de máis laboratorios dos necesarios para a docencia que teñen asignada. De feito un dos laboratorios da Área de Prospección e Investigación Mineira leva xa anos usándose como seminario para a docencia dos Graos e Master adscritos a esta Escola.

A continuación a directora fai mención de diversos regulamentos en relación coa xestión dos espazos por parte dos centros. Así, o artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo recolle que : “*Son funcións da Xunta de Centro: k) A distribución dos espazos que lle sexan asignados*”. Por outra banda, na Resolución do Vicerreitor de Planificación da Universidade de Vigo sobre a asignación de espazos e responsabilidade no novo edificio de “Ampliación de Teleco-Minas”, de data 18 de xullo de 2005, detállase a asignación específica de espazos para a Escola e di que: “*A xestión destes espazos será responsabilidade do Director/a da ETSE de Minas*”.

Á vista do anteriormente exposto, a Dirección propón:

- Que os catro despachos que están baleiros sexan asignados á Dirección da Escola para a xestión dos mesmos e que aquel profesorado que teña necesidade dun despacho pode presentar unha solicitude xustificada e asignaráselle un espazo que será revisable cada curso académico.
- Que un laboratorio da área de Prospección e Investigación Mineira e outro do área de Tecnoloxía do Medio Ambiente sexan asignados á Dirección da Escola para que leve a cabo a súa xestión como seminario o primeiro e como Aula Aberta el segundo.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta da Dirección da asignación para a xestión de espazos da EE de Minas e Enerxía.

9. Ratificación, se procede, da modificación dos horarios dos Graos impartidos neste centro para o curso 2017/2018.

Enviouse por correo electrónico a proposta de horario (Anexo III). A modificación foi aprobada en Comisión Permanente na súa última reunión celebrada o 25 de setembro. Esta modificación corrixe unha errata detectada durante o comezo do curso e afecta a 3º de ERME. Todos os profesores e alumnos implicado están informados e deron o seu consentimento.

A Xunta de Escola aproba por asentimento ratificar a modificación dos horarios dos graos impartidos neste centro.

10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

Enviouse a documentación por correo electrónico con anterioridade á celebración desta Xunta de Escola (Anexo IV).

O primeiro bloque correspóndese con procedementos enviados desde a Área de Calidade da Universidade de Vigo e foron xa aprobados pola Comisión de Garantía Interna do Centro na súa reunión celebrada o día 28 de xullo de 2017. É documentación da área de procesos de persoal do sistema de garantía de calidade e enmárcanse dentro de tres apartados:

1. Procedementos de Xestión de Persoal, consonte as directrices de FIDES-AUDIT: PE-01 P1 Xestión do PAS (índice 04) e PE-02 P1 Xestión do PDI (índice 04). Este último incorpora un anexo (ficha de formación). Estes dous documentos substituirán os procedementos PA-05 Captación e selección do PDI e PAS, PA-06 Avaliación, promoción, recoñecemento e incentivos do PDI e PAS e PE-02 Política de PDI e PAS unha vez sexan aprobados pola Xunta de Escola da EME.
2. Procedemento de Docencia: DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza (índice 05). Inclúe como anexo o Informe de coordinación. Ese documento anula a súa versión anterior (índice 04).
3. Listaxe de procedementos en vigor: Anexo 1 do Manual de Calidade

A Xunta de Escola aproba por asentimento os procedementos da área de procesos de persoal do sistema de garantía de calidade.

O segundo bloque a tratar é o Plan de Promoción do Centro. Preséntase unha proposta renovada de actividades para o curso 2017-18. A Directora fai unha presentación das novas actividades previstas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o novo Plan de Promoción do Centro.

11. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e cinco de outubro de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 25/10/2017



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 25/10/2017

| Profesorado | |
|--------------------|---------------------------------------|
| 1. | Alejano Monge, Leandro |
| 2. | Alonso Prieto, Elena |
| 3. | Araújo Fernández, María |
| 4. | Arzúa Touriño, Javier |
| 5. | Caparrini Marín, Natalia |
| 6. | Domínguez Santiago, Ángeles |
| 7. | Eguía Oller, Pablo |
| 8. | García Bastante, Fernando |
| 9. | Giráldez Pérez, Eduardo |
| 10. | González Jorge, Higinio |
| 11. | Liz Marzán, Eduardo |
| 12. | Mandado Vázquez, Alfonso |
| 13. | Méndez Martínez, Gonzalo Benito |
| 14. | Patiño Vilas, David |
| 15. | Pérez Pérez, M ^a Carmen |
| 16. | Pérez Rey, Ignacio |
| 17. | Rivas Brea, Teresa |
| 18. | Saavedra González, Ángeles |
| 19. | Vijande López, Javier |
| ESTUDANTES | |
| 20. | Antonio Fontán, Nuria |
| 21. | Domínguez Blanco, Santiago |
| 22. | Elías Liñares, Óscar |
| 23. | Filgueira Sánchez, Carmen |
| 24. | Govea Lemes, Jonatan |
| 25. | Iglesias Canabal, Andrés |
| 26. | Juncal Rosales, Mariola |
| 27. | Millara Crispín, Miguel |
| 28. | Muiño Argüelles, Miguel |
| 29. | Rodríguez Méndez, Yelco |
| PAS | |
| 30. | Romo Pérez, M ^a del Carmen |

| | |
|---------------------------------------|----|
| Total membros Xunta de Escola: | 52 |
| Asistentes: | 30 |

Escusan a súa ausencia: Don Andrés Elías Feijoo Lorenzo, Dona Marta Cabeza Simó, e Don Alejandro Casal Barreiro



ANEXO III

Horarios do Grao en ERME 2017/2018.

ANEXO IV

Procedementos do sistema de garantía de calidade

- **PE-01 P1 Xestión do PAS**
- **PE-02 P1 Xestión do PDI**
- **DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza**
 - **Anexo 1 do Manual de Calidade.**
- **R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro.**